



# MEMORIA 2020



**aspaber**

ASOCIACIÓN

ASOCIACIÓN DE PAIS DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DE BERGANTIÑOS  
A BREA S/N · 15102 CARBALLO · A CORUÑA

[www.aspaber.com](http://www.aspaber.com) · [www.facebook.com/asociacionaspaber](https://www.facebook.com/asociacionaspaber)



## ÍNDICE

### VISIÓN XERAL

Descrición da organización.....	2
Ámbito de actuación.....	2
Historia da Asociación.....	2
Órganos de goberno e funcionamento.....	3
Misión, Visión e Valores da Entidade.....	4
Organigrama da Entidade.....	4
Dimensión da Entidade.....	5
Recursos Humanos.....	6
Convenio de Formación e prácticas.....	7
Calidade e transparencia.....	8
Formamos parte de.....	8
Participación en redes asociativas.....	8
Convenio con entidades.....	8

### COVID-19

Momentos importantes de 2020.....	9
Programa Aspaber na casa.....	10-18

### CENTROS

Centro Ocupacional.....	19
Centro de Día.....	20
Centro Residencia.....	21
Centro Especial de Emprego.....	22-23
CentroEducativo.....	24-25
Formación Dual.....	25

### SERVIZOS

A. psicolóxica e A. psiquiátrica.....	27
Traballo Social.....	28
Logopedia.....	29
Fisioterapia.....	30
Comedor .....	31
Transporte e Programa de actividades lúdico-deportivas.....	32
Festividades.....	33
Club de Ocio “Manuel Pose Veiga”.....	34

### MELLORAS NAS INSTALACIÓN

Melloras nas instalación.....	35
-------------------------------	----

### ACCIÓNS FORMATIVAS

Formación do persoal.....	36
---------------------------	----

### MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Presencia na prensa.....	37
Páxina Web e redes sociais.....	38-39

### ACTIVIDADES RESEÑADAS 2020

Novidades-Proxectos.....	40-41
Saídas e presenza na comunidade.....	41-43
Premios.....	44



## VISION XERAL

### DESCRIPCION DA ORGANIZACION

A Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Bergantiños, **ASPABER**, é unha Asociación de pais e familiares de persoas con discapacidade intelectual que **nace no ano 1976**. É unha asociación aberta e plural, en contínuo proceso de adaptación ante a realidade e as necesidades das persoas con discapacidade intelectual.



### ÁMBITO DE ACTUACION

O ámbito de actuación da Asociación ASPABER é **provincial, abarcando 14 Concellos** da provincia de A Coruña: A Coruña, Laracha, Arteixo, Cabana, Carballo, Cerceda, Coristanco, Laxe, Malpica, Ponteceso, Santa Comba, Tordoia, Val do Dubra e Zas.

### HISTORIA DA ASOCIACION

PERÍODO	FEITOS
<b>1976</b>	A Asociación ASPABER <b>constitúese no ano 1976</b> sen fins de lucro como resposta a un grupo de pais que observan un futuro incerto sen centros nin servizos para atender aos seus fillos e fillas. Inicia os seus primeiros pasos nun local cedido polo Concello de Carballo nas instalacións do colexio hoxe chamado Fogar.
<b>1983</b>	No ano <b>1983</b> iniciase a <b>construcción dun Centro Ocupacional</b> estreando as instalacións no ano 1986 cun total de 30 usuarios.
<b>1994</b>	A Asociación conta cun total de 60 usuarios e xorde unha nova esixencia, as persoas que residen lonxe do Centro, para iso constrúese unha <b>miniresidencia</b> que se poñerá en marcha no ano <b>1997</b> con 16 usuarios
<b>1999</b>	Amplíanse as instalacións destinadas a talleres de carpintería e manipulados
<b>2000</b>	<b>Crease o Centro Especial de Emprego ASPABER S.L</b>
<b>2004</b>	O C.E.E preséntase o concurso de <b>Limpeza Viaria</b> do Concello de <b>Carballo</b> onde consegue a concesión por un período de dez anos.
<b>2012</b>	Concesión de <b>limpeza viaria</b> do Concello de <b>Malpica</b>
<b>2013</b>	Concesión do <b>Punto Limpo e Limpeza Viaria</b> do Concello de <b>A Laracha</b>
<b>2013</b>	Concesión <b>limpeza de colexios de Carballo</b> (Bergantiños, Fogar, Nétoma - Razo), unitarias e CRA
<b>2015</b>	Concesión limpeza colexio San Luis Romero
<b>2016</b>	O C.E.E <b>xestionará un novo depósito de residuos</b> vinculado ao punto limpo de <b>A Laracha</b> . O C.E.E ASPABER S.L asinou por catro anos a <b>adxudicación do servizo dos Edificios Administrativos e de Formación e Oficios do Concello de Carballo</b> . O C.E.E ASPABER S.L frmou o novo contrato de limpeza viaria e servizos conexos do Concello de Carballo.
<b>2017</b>	<b>Creación do Centro Educativo ASPABER</b>
<b>2018</b>	<b>Creación dunha segunda aula de Educación</b>
<b>2019</b>	<b>Inicio Formacion FP DUAL</b>

## ORGANOS DE GOBERNO E FUNCIONAMENTO



### **XUNTA DIRECTIVA:**

É o órgano encargado da xestión e representación da Asociación en toda a súa amplitude e reúnese varias veces ó ano.

### **ASAMBLEA DE SOCIOS:**

E o órgano supremo de goberno e decisión da Asociación.

Reúnese, polo menos unha vez ó ano e onde se tratan os asuntos de maior relevancia e importancia: aprobación das contas anuais, da memoria de

xestión, do presuposto para o seguinte ano, etc...

### **MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA:**

Na Asamblea Xeral ordinaria e extraordinaria celebrada o 15 de xuño de 2019 houbo eleccións a membros da Xunta Directiva da Asociación ASPABER, así como se modificou os estatutos da Asociación no sentido de incorporar a figura do Presidente honorífico, o cal formará parte da Xunta Directiva e terá labores informativos e consultivos (tendo voz e non voto)

Polo que no Libro de Actas figura a relativa á reunión do 1 de Agosto de 2019 quedando distribuídos os Cargos dos membros da Xunta Directiva da seguinte forma:



D. **Francisco Costa Varela** ocupa o cargo de presidente honorífico.

### **XERENTE E DIRECTORA:**

É a persoa encargada de dirixir e coordinar os diferentes Centros e Servizos e de executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva.

Este cargo o ostenta Dona. **Dolores Fernández García**



## MISION, VISION E VALORES DA ENTIDADE



### MISION

Contribuir a que as persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, dispoñan dos apoios necesarios para poder desenvolver o seu proxecto de vida e lograr a súa inclusión como cidadáns.


### VISION

No ano 2020 ASPABER seguirá a ser unha entidade aberta que promove o cumprimento dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual de Bergantiños e seguirá a ser un referente galego na inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual. Contará con novas infraestructuras que permitirán responder ás demandas dos tempos e prestará novos servizos axustados ás necesidades dos usuarios

### VALORES

- Capacidade de superación
- Apoio á persoa con discapacidade
- Traballo en equipo
- Inconformismo
- Dinamismo

## ORGANIGRAMA DA ENTIDADE





## DIMENSION DA ENTIDADE



<b>CENTRO OCUPACIONAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Plazas Autorizadas:100</li> <li>Plazas contratadas Administración:81</li> <li>Plazas ocupadas:<b>76</b></li> <li>Plazas Libres:5</li> <li>Plazas Privadas:19</li> <li>Plazas Privadas ocupadas:1</li> </ul>
<b>CENTRO DE DIA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Plazas Autorizadas:35</li> <li>Plazas contratadas Administración:35</li> <li>Plazas ocupadas:<b>30</b></li> <li>Plazas Libres:5</li> </ul>
<b>CENTRO RESIDENCIAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Plazas Autorizadas:17</li> <li>Plazas contratadas Administración:17</li> <li>Plazas ocupadas:<b>15</b></li> <li>Plazas Libres:2</li> </ul>
<b>CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>72</b> traballadores contratados</li> </ul>
<b>CENTRO EDUCATIVO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2 Aulas Educativas</li> <li>Educación completa:<b>11</b></li> <li>Educación combinada:<b>3</b></li> </ul>
<b>FORMACION FP DUAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnos:<b>10</b></li> </ul>

**Total: 217**

**Fuente: Decembro 2020**

### NOVIDADE 2020:

Ante a tardanza en resolver os trámites de Dependencia para poder obter unha praza pública, a Entidade valora ter **PRAZAS PRIVADAS** para poder dar unha resposta inmediata ás demandas familiares e posteriormente cambiar a praza pública.



**Fuente: Decembro 2020**

**DEMANDAS DE PRAZAS:** Durante o ano 2020 **5 familias** acudiron a Asociación ASPABER para asesorarse e demandar praza para o seu familiar.





## RECURSOS HUMANOS

ASPABER contou no ano 2020 cunha plantilla de 35 traballadores. **O compromiso dos profesionais da nosa asociación, traduceuse nunha atención personalizada centrada nas necesidades das persoas con discapacidade intelectual en distintas etapas das súas vidas.**

### Personal asistencial:

Profesoras	2
<b>Monitores de Taller</b>	<b>6</b>
Fisioterapeuta	1
Logopeda	1
Pedagoga	1
Psicólogas	2
Traballadora Social	1
Educador Social	1
Técnico en Integración Social	1
Coidadores	13
<b>PERSOAL NON ASISTENCIAL</b>	
Gerencia	1
Administración	2
Cociña	2
Informática	1





## CONVENIOS DE FORMACION EN PRÁCTICAS

Dende ASPABER **impartiuse formación práctica** a través de convenios con distintos centros formativos, universidades, dos cales se beneficiaronse **alumnos** provenientes dos seguintes centros:

DATA DAS PRACTICAS	FORMACION
Do 20/01 ata estado alarma	<b>Técnico en conducción de actividades físicas y deportivas-Liceo La Paz</b>
03/02/2020 ata estado alarma	<b>Grado en Trabajo Social, UNED Coruña</b>
02/03/ 17/03	<b>Atención sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais</b>

A parte da formación e prácticas no ano 2020 contamos coa concesión de dúas **SUBVENCIONS** para a contratación de persoal para que poidan formarse durante un ano e así adquirir **experiencia laboral**.

### ➤ PROGRAMA OPERATIVO EMPREGO XUVENIL

-Subvención para entidades sen ánimo de lucro que contraten persoas mozas para a realización de servizos de interese xeral e social.

**Duración: 7 meses**

**Nº Traballadores:2**

**Formación: 2 coidadores**

### ➤ PROGRAMA DE COOPERACIÓN

-Subvención para entidades sen ánimo de lucro que contraten persoas traballadoras desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social.

**Duración: 9 meses**

**Nº Traballadores: 3**

**Formación: 2 coidadores**

**1 Técnico de Integración Social**





## CALIDADE E TRANSPARENCIA

**A Asociación ASPABER oferta servizos de calidade pois é un dereito ético das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias.**

Esta entidade posee o selo de calidade de **ISO 9001:2008**, certificación que ano tras ano, conseguimos manter e que acredita a nosa mellora contínua, a eficacia e a eficiencia para seguir así avanzando na mellora dos servizos que prestamos.

No ano 2020, con data 16/03/2020 tivemos recertificación da ISO 9001:2015 Tránsito ISO 9001:2008 coa empresa Bureau Veritas que se realizou online.

Tras saír a ley **19/2013 de diciembre Transparencia, acceso á información pública e buen gobierno**, ASPABER traballa con transparencia, publicando anualmente as súas memorias e contas.



## FORMAMOS PARTE:

**-Grupos de traballo de Fademga Plena Inclusión Galicia:**

-U.D.S VIVENDAS

-U.D.S EMPLEO

-U.D.S DE PARÁLISIS CEREBRAL E AUTISMO

-GRUPO DE TRABAJO SOBRE TRASTORNOS MENTAIS E/OU ALTERACIONES CONDUCTUAIS

**-Membro Xunta Directiva AEDIS**

## PARTICIPACION EN REDES ASOCIATIVAS

- Fademga Plena Inclusión Galicia
- Confederación Plena Inclusión
- AEDIS: Asociación de Centros Especiais de Emprego
- Fundación Paideia

## CONVENIOS CON ENTIDADES

- **XUNTA DE GALICIA** - Consellería de Traballo e Benestar Social para a prestación de servizos en Centro Ocupacional, Centro de Día e Centro Residencial.
- **DEPUTACION PROVINCIAL**
- **LA CAIXA**
- **CONCELLO DE CARBALLO**
- **CONCELLO DE A LARACHA**
- **CONCELLO DE MALPICA**
- **INSTITUTO MONTE NEME CARBALLO**
- **CONCELLO DE ZAS**





# COVID-19

## MOMENTOS IMPORTANTES 2020

<b>13 MARZO 2020</b>	Aspaber, como consecuencia do Estado de Alarma declarado polo Goberno, permanecerá pechado ata novo aviso.
<b>16 MARZO 2020</b>	A pesar de que o Centro permanece pechado os profesionais continúan no seus postos de traballo dende onde se establece contacto telefónico con todos usuarios e familias interesándonos pola súa situación e prestando os apoios que precisan. Continuáanse mantendo os pedidos coas empresas para poder continuar coas actividades manipulativas unha vez que se reactiven os servizos.
<b>A PARTIR DO 14 ABRIL</b>	Tras analizar a situación das familias e dos usuarios a través do contacto telefónico a Asociación dou un paso máis para prestar atención os usuarios e deste xeito empezase o Programa " <b>Aspaber na Casa</b> " donde a través de material didáctico, visitas a domicilios e actividades telemáticas pretendese suplir as carencias que estaba a supoñer o peche dos servizos.
<b>A PARTIR DO 23 DE XUÑO</b>	Aspaber inicia Terapias individuais no Centro e continúa co Programa Aspaber na casa
<b>DO 1 AGOSTO O 21 AGOSTO</b>	O Centro permanece pechado por vacacións
<b>A PARTIR DO 24 AGOSTO</b>	O Centro empeza a prepararse para a próxima reapertura do 1 de setembro: protocolos anticovid, adaptación dos espazos para acoller grupos burbulla, formación dos profesionais nos protocolos, compra de material novo.... Planificación e organización de transporte, comedor, tempos de ocio...
<b>28 AGOSTO</b>	Establecese contacto telefónico coas familias para comunicar que os Centros volven a estar pechados pola situación Sanitaria na área de Coruña- Cee ata que baixe o nivel de incidencia.
<b>28 SEPTIEMBRE</b>	Incorporanse os usuarios o Centro Ocupacional e Centro de Día con uns protocolos adaptados a nova realidade: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Protocolos de hixiene de mans e toma de temperaturas a entrada e saída do Centro</li> <li>- Os usuarios agrupados en grupos burbulla de +- 10 persoas con un profesional de referencia.</li> <li>- Quendas para acceder o comedor</li> <li>- Acceso ó transporte de forma escalonada</li> <li>- Prioridade do emprego de espazos exteriores</li> </ul>
<b>5 OCTUBRE</b>	Incorporación de dous profesionais (unha para Centro de Día e outra para o Centro Ocupacional) para poder dispor dos recursos necesarios para dar atención os grupos burbullas
<b>23 DECEMBRO</b>	Non hai festa de Nadal.



## PROGRAMA ASPABER NA CASA

Dende que se decretou o estado de alarma (**Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo**), os usuarios de ASPABER deixaron de asistir, traballar e participar no noso centro e na comunidade, rompéndose as súas rutinas, e supoñendo un desafío para o seu benestar emocional.

O apoio ás personas usuarias e ás súas familias segue a ser a prioridade de ASPABER. A situación xenerada ante o COVID-19, fai que teñamos que reorganizarnos, e adaptarnos á nova situación, plantexándonos unha nova metodoloxía que permita facer chegar Aspaber a todos os fogares, tendo en conta que cada persoa é diferente e polo tanto os apoios deben ser tamén distintos.

O programa “**Aspaber na casa**” pretende achegar ós fogares dos nosos usuarios e usuarias e as súas familias parte dos contidos que tiñan establecidos nos seus Programas de Desenrolo Individual, de maneira presencial e telemática, intentando establecer rutinas que favorezan a súa calidade de vida e que permitan reducir o impacto que está a producir o confinamento que temos que gardar polo COVID-19 nas nosas familias.

Queremos transmitir que ASPABER segue formando parte da rede de apoio de todos os nosos usuarios e usuarias e das súas familias, buscando detectar as necesidades derivadas desta situación e poder ofrecer deste xeito os apoios axustados e personalizados a cada persoa.

## XUSTIFICACIÓN

---

Ante a nova situación xenerada polo estado de alarma, nun primeiro momento, desde Aspaber, contactamos telefónicamente con tódalas nosas familias e usuarios para analizar as súas necesidades, dúbidas, demandas e poder escoitar todas as súas preocupacións.

Unha vez valoradas todas estas aportacións, elaboramos unha proposta de modelo de atención personalizada “**ASPABER NA CASA**”, tendo en conta os recursos cos que contamos e os das familias, para poder dar os apoios e ir adaptándonos ás necesidades que vaian xurdindo.

## OBXECTIVOS

---

- Proporcionar información e asesoramento ante esta nova situación.
- Reorganizar e personalizar os apoios adaptando os recursos que podemos ofrecer ás personas para garantir un adecuado benestar emocional e físico dos nosos usuarios.
- Acompañamento social para todas as familias e usuarios e usuarias do centro, detectando necesidades, e apoiando en xestión e coordinación con outros servicios comunitarios: servicios sanitarios, servicios sociales e outros que lle poidan xurdir as familias..., para acceder a recursos esenciais con eficacia e garantía.

- Acompañamento psicológico personalizado a través do teléfono: préstase apoio emocional, información e orientación sobre os distintos aspectos relacionados co benestar da persona e da súa familia.
- Proporcionar material pedagóxico e de estimulación cognitiva personalizado.
- Proporcionar material de lecer adecuado e adaptado ás necesidades de cada usuario.
- Manter a actividade física a través de pequenas rutinas de exercicios.
- Poñer a disposición das familias un servizo de apoio tales como: saídas terapéuticas, atención no fogar...

## METODOLOXÍA

A forma de facer chegar os recursos a cada persoa pode ser de varios tipos:


- **Online/telemática/telefónica:** facilitando actividades, materiais pedagóxicos e de lecer, recursos e enlaces web tendo en conta os niveles de apoios dos usuarios. **(Ver Anexo 1: GRUPOS DE NIVELES DE APOIO)**

- **Presencial:** os apoios presenciales deseñaranse en función das necesidades de cada persoa e familia e levaranse a cabo co mínimo contacto entre os profesionais e a persoa usuaria e a súa familia. Para poder facer os apoios presenciales unha vez a semana a todos os usuarios da entidade fixéronse cinco rutas tendo en conta as ubicacións xeográficas das vivendas . **(VER Anexo 2 :Rutas )**

O material académico-funcional será personalizado para cada un dos usuarios (actividades relacionadas cos seus obxectivos, pasatempos, continuación de actividades que realizaba no centro como pode ser o clube de lectura, actividades de estimulación cognitiva, etc.). Todo este material recolleríase á seguinte semana e se lle proporcionaríase outro novo.

Este Programa parte de un protocolo de entrega de material a domicilio **(Ver Anexo 3: PROTOCOLO DE REPARTO DE MATERIAL A DOMICILIO)**, que cumpra sempre coas normas básicas de protección e hixiene (distancia social, material de protección, hixiene de máns).

- **Atención individualizada a través de contacto telefónico.**



A metodoloxía é flexible, e empregarase un tipo ou outro en función das preferencias e necesidades de cada usuario e familia.



Realizarase unha proposta de programación semanal de actividades e de visitas e chamadas telefónicas co fin de poder chegar a todos os nosos usuarios en función dos apoios que precisan e tendo en conta a localización xeográfica donde viven.

- **Whatsapp web**

Empregaranse estes grupos donde se ten en conta a Lei de Protección de Datos para facer chegar actividades online para aqueles usuarios que demanden as tarefas en este formato. Este mesmo canal será o que se empregue para facer chegar os vídeos da facebook a quen non teña esta aplicación.

- **Facebook**

Diseñamos unha programación semanal, tendo en conta os focos de interese dos nosos usuarios, participando profesionais, voluntarios e persoas que forman parte da rede social da entidade e que son significativas para eles. Estas publicacións consistirán en un vídeo curto seguindo a temática planificada:



- **Rutinas de entrenamiento físico** - van a incorporar diversos elementos: actividade física aeróbica, fortalecemento muscular, exercicios para o tronco, entrenamiento do equilibrio, exercicios de flexibilidade e estiramientos. Sempre co obxectivo de axudar a mellorar o estado físico dos nosos usuarios.



- **Cociña**- Vamos a empregar sempre ingredientes e procesos de elaboración saudables, sinxelos e baratos que nos permitan obter pratos ricos e sanos co obxectivo de manterse ocupados durante a pandemia actual e que poidan colaborar na súa elaboración.









- **Retos:** Expertos demostraron os beneficios dos retos en familia durante esta estancia obligada na casa.


Estos retos plantexados polos profesionais da entidade van a propoñer ideas creativas que se poidan facer sin salir da casa co obxectivo de alegrar e entreter o día a día.



- **Vídeos de colaboracións con persoas significativas (monitores de actividades lúdico deportivas, personaxes públicos que colaboran coa asociación...)** – van a ser grabacións cortas de saúdos ou pequenos retos propostos por persoas que colaboran coa entidade (monitores vinculados o Programa de Actividades Lúdico-Deportivo, “famosos” ou personas coñecidas que colaboran en espectáculos do Nadal.....






**ASPABER PROPÓN** - serían uns vídeos donde a entidade propón diversos temas de interés, consellos prácticos, manualidades sinxelas...





Compartimos algúns momentos dos nosos usuarios en #ASPABERNACASA #xuntospodemos



- **Rutinas de entreno físico: N° Vídeos:10**
- **Recetas de cociña:N° Vídeos:10**
- **Retos:N° Vídeos:10**
- **Vídeos de colaboracións con persoas significativas(monitores de actividades lúdico-deportivas, personaxes públicos que colaboran coa asociación,..):N° Vídeos:10**
- **ASPABER PROPON (consellos prácticos, manualidades,..)N° Vídeos:8**

## METODOLOXÍA

Farase un seguemento do programa de forma diaria, para poder ir adaptándonos e reorganizándonos en función das necesidades e dificultades que vaian xurdindo.

Unha vez a semana realizarase unha reunión na que participarían todo o equipo de profesionais de Aspaber e na que se pondrán en común a experiencia de cada un deles durante as rutas e visitas ós usuarios que se recollerán nunha acta.

Con estes datos poden ir realizando as modificacións oportunas.

Todo o equipo de profesionais que compón Aspaber participará aportando o seu compromiso, creatividade e flexibilidade para o bó desenvolvemento do programa.

## AVALIACIÓN

Unha vez a semana realizaremos unha reunión na que participarán todo o equipo de profesionais de Aspaber e no que se pondrán en común a experiencia de cada un deles durante as rutas e visitas aos usuarios que se recollerán nunha acta, con estos datos pretendemos ir introducindo as modificacións necesarias no Programa ASPABER NA CASA para que chegue nas mellores condicións a todos os usuarios.

Tamén está planificado unha encuesta de satisfacción que se lle pasará de forma aleatoria a algunhas familias para poder medir ir implementando melloras dende todos os grupos de interés.

## ANEXO 1 - GRUPOS POR NIVELES DE APOIOS

<b>GRUPO NARANJA</b> lecto escritura fluída comprensiva textos 5 líneas / calculo sencillo / pasatempos / puzzles / alfombra /	<b>GRUPO VERDE</b> Lecto escritura alta / cálculo/ comprensión textos 10 líneas / rutinas gimnasias sencillas / pasatiempos variados / recetas variadas / informática / carnet	<b>GRUPO AMARILLO</b> Lecto escritura fluída pero no comprensiva / textos inferiores 5 líneas / calculo sencillos sin llevar/ habilidades terapeuticas - rehabilitadoras/ sopas de letras
<b>GRUPO ROSA</b> Lecto escritura silábica no comprensiva / calculo sencillos sin llevar / pasatempos básicos / puzzles / diferencias / programas informáticos sencillos	<b>GRUPO ROJO</b> Sin escolaridad / pegatinas e recortar coches /tractores/ camiós / puzzles de profesionais / costura / alfombra / puzzles /	<b>GRUPO VERDE</b> Sin lecto escritura / numércación 1- 5. / firmar / buscar revistas alimentos / perfumes / cortar alimentos / pintar / puzzles muy sencillos / costura / alfombra apje / euro
<b>GRUPO AZUL</b> Periódico / pasatempos	<b>GRUPO LILA</b> Carnet de conducir / programas informáticos / video juegos / móvil / Periódico	

## ANEXO 2- RUTAS

### 1. Atención individualizada:

Dividir os usuarios de Ocupacional en grupos por zonas (aplicar o mesmo sistema para Centro de Día). A cada zona se lle asigna un día da semana. Repártese cada zona entre 4 profesionais (2 monitores para cada visita).



ZONA	DIA	Nº USUARIOS
ZONA 1 CARBALLO	LUNS	23
ZONA 2(Arteixo, Caión, Baldaio, Razo, Malpica, Buño, Sísamo)	MARTES	20
ZONA 3: A Laracha,Cerceda, Sofán	MIERCOLES	22
ZONA 4:Ponteceso,Corme,Laxe, Baio, Santa Comba	XOVES	14
ZONA5: Carballo, RUS,Coristanco	VIERNES	17
ONLINE:ZONA CORUÑA		





## **ANEXO 3: PROTOCOLO DE REPARTO DE MATERIAL A DOMICILIO**

### **PROCESO DE ENTREGA E RECOLLIDA DE MATERIAL:**

1. Avísase á familia de que o reparto a domicilio está en camiño e se establece un lugar acordado para a entrega do material:
  - a. Lugar aberto sempre que sexa posible.
  - b. Preferiblemente no chan, alfombrilla, etc.
  - c. Nunca dentro dos propios fogares.
2. Unha vez se chegue o domicilio deposítase o material no lugar establecido previamente e se comunica á familia vía telefónica ou a través do telefonillo.
3. Unha vez depositado o material e comunicado á familia, o profesional sepárase, debendo gardar unha distancia de alomenos 2 metros co lugar de entrega.
4. Cando o usuario ou familiar recolle o material, establécese comunicación gardando sempre a distancia mínima de 2 metros.
5. A recollida de material lévase a cabo da mesma forma: o usuario ou familiar deposita o material no lugar indicado, sepárase a distancia mínima e o profesional a recolle.

Tras cada visita os profesionais desinfectanse cos xeles para a seguinte visita programa

**Nº Visitas a domicilio: 1.100 / 10 visitas por usuario**

#### **Nº Material entregado:**

**-Fichas didácticas: 16.500 / 15 fichas cada usuario por visita**

**-Alfombras y costuras: 70 unidades**

**-Plantas :110**

**-Bolsos para hacer:110**

**-Pulseras : 110**

**-Rollo de 50 cm de papel dibujado para pintar: 110**

**-CD de música: 10**

**-Material manipulativo de psicomotricidad: 20 unidades**

**-Prestamos de material manipulativo de psicomotricidad: 4**

**-Prestamos de material deportivo : 5**

**Prestamos de material de rehabilitación física : 3 unidades**

## PROFESIONAIS:

Establécese unha rotación inicial de profesionais para que os usuarios e familias poidan ter contacto visual con todos eles. Nun segundo momento priorizaráanse na elección do profesional para cada reparto as afinidades dos usuarios programados para visita cada día.

## VERIFICACIÓN E MELLORA DO PROCEDEMENTO:

Coa finalidade de dar constancia das visitas e avaliar e mellorar o sistema de entrega de material a domicilio, grabaranse aleatoriamente gran parte das visitas sempre que se cumplan as seguintes condicións:

- Información previa á familia e persoa usuaria.

Consentimento da familia e persoa usar

Ademáis, contamos con **contacto telefónico diario** con usuarios do Programa Adultos Sos: **Nº usuarios:4**

- **Nº Contactos telefónicos emitidos coas familias:1.013**
- **Nº Contactos telefónico con usuarios do Programa Adultos Sos:320**
- **Nº Contactos telefónicos familiares recibidos:300**
- **Nº Información acerca de paseos terapéuticos:7**

- A maiores, sumámonos colaborando durante o período do do 28 de abril ata o 19 de xuño, acercando aos domicilios de 4 familias do Centro,do Concello de Carballo en situación de vulnerabilidade, **un menú diario** que se iba a recoller o Forum e se desplazaba ata os domicilios das familias. Dita iniciativa foi promovida polos Servizos Sociais do Concello e os menús foron elaborados pola Escola Municipal de Hostelería de Carballo.

- **Nº de Menús entregados: 341**  
**menús entregados**
- **Unha ruta diaria de distribución xeográfica de 30km**





Durante todo este período estivemos continuamente en contacto coas familias informando de todos os recursos Sociais existentes.

- **Tramitación de recursos Sociais:**

- Información acerca do Bono coidado á Dependencia:6
- Contacto cos Servizos Sociais de cada Concello para tramitar SAF(Servizo Axuda no Fogar) extraordinario: Nº Beneficiarios do Centro:6
- Trámite de Respiro Familiar da Xunta:1
- Trámite de Campamentos de verán da Xunta:3
- Rendición contas juzgado:1
- Comunicación fiscalía:1

Tamén contamos con seguimento coa unidade de Saúde Mental

- **Seguimentos na U.S.M**

- Acompañamentos inyectables: 2
- Contactos telefónicos co psiquiatra para axustes de medicación: 10



## CENTROS

### CENTRO OCUPACIONAL

- **E un centro de formación, oportunidades e preparación para o mundo laboral. É un recurso aberto á comunidade, na que proporcionamos á persona unha atención especializada, mediante un programa individualizado, que recolle actividades de desenvolvemento persoal, capacitación laboral, apoios e oportunidades. Contribúe a conseguir resultados significativos de participación sociolaboral na mellora da súa calidade de vida.**

#### Durante o 2020:

- Incorporáronse 5 usuarios novos
- Causaron baixa definitiva os 8 usuarios por incorporarse o Programa Formativo de Formación Dual.

#### As persoas que asisten o Centro fan actividades para manter e mellorar as capacidades:

As actividades son de **catro** tipos:

- **Traballo**
- **Formación**
- **Terapia**
- **Ocio**



Durante ó tempo que se dou atención no 2020, a ter en conta que se prestou servizo de xaneiro a febreiro e de setembro a decembro o datos son todos inferiores os anos anteriores, a ter en conta que son datos de 6 meses de atención.



Así de este xeito os obxetivos adecuados pasamos do 96% ó 84%, a ter conta que se deron bastantes obxectivos de baixa debido os axustes que tivemos que facer coa nova programación.



## CENTRO DE DÍA

- O Centro de Día ASPABER é un servizo de atención diurna dirixido a aquelas persoas adultas con discapacidade intelectual que precisan grandes necesidades de apoio para levar a cabo unha vida normalizada.

Coas accións de cada Plan de Desenvolvemento Individual (PDI), potencianse, sobre todo, a autonomía e autodeterminación de cada persoa, buscando a mellora da súa calidade de vida e a participación das persoas en todas as tarefas posibles da súa vida diaria.

### Durante o 2020:

- Posta en marcha dun taller de autoimaxe, beleza e relaxación, no que participan todos os usuarios.
- Incremento do contacto coas familias, onde puidemos valorar as necesidades de cada unha delas para poder cubrilas na medida do posible.

En canto aos apoios e obxetivos, están recollidos en cada un dos nosos **Programas de Desenvolvemento Individual (PDI)**, e para alcanzalos, participamos nas actividades dos diferentes programas, según os nosos intereses e necesidades:

- **Desarrollo persoal:** Programa de Actividades Básicas e Instrumentais da Vida Diaria en entornos naturais, Programa de Vida no Fogar
- **Benestar Emocional:** Programa de Estimulación sensorial e cognitiva
- **Benestar físico:** Programa de Coidado Persoal, Hixiene buco-dental, Programa de Apoio á Saúde en consultas médicas e Programa Lúdico-Deportivo.
- **Relacións Interpersonais:** Programa de Habilidades sociais e Relacionais
- **Inclusión Social:** programa de Inclusión e Participación Social.



## CENTRO RESIDENCIAL

- **E un centro de convivencia temporal o permanente en régimen de internado para persoas con discapacidade con necesidades de apoio límite e intermitente que por razóns sociais, familiares u ocupacionais, teñan dificultades par a permanencia no seu fogar.**
- **Trátase dunha Residencia 225 días**
- **Residencia de luns a venres**
- **Dispón de praza de emerxencia de luns a xoves**

## ATENCIÓN E APOIO A PERSOA

- **Autodeterminación:** Programa de Eu tamén tomo decisión
- **Desarrollo Persoal:** Programa de Habilidades básicas da vida diaria
- **Benestar Físico:** Programa de cuidados da Saúde básicos.
- **Relacións Interpersoais:** Programa de Habilidades Sociais
- **Inclusión Social:** Programa de Inclusión na Comunidade



## SERVIZO DE RESPIRO INTERNO

Ofrecese este servizo ás familias que por necesidade puntual non poden atender o seu familiar.

Funciona de luns a venres.

Demandas atendidas no 2020:0


## CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

- O C.E.E. é unha empresa cuio obxectivo principal é a de realizar un traballo productivo, participando regularmente nas operacións de mercado, e cúa finalidade é asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os traballadores con discapacidade

Dentro do C.E.E xeramos condicións laborais para a incorporación das persoas con discapacidade intelectual a un posto de traballo, levando a cabo cantas accións sexan adecuadas para ofrecer produtos e servizos competentes e de calidade dentro do mercado aberto en un marco de Economía Social.

### ACTIVIDADES AS QUE SE DEDICA O C.E.E:

- **LIMPEZA VIARIA**
  - Concello de Carballo ano 2016-2020
  - Concello de Malpica ano 2017-2020
  - Concello de A Laracha ano 2013-2020 Limpeza Viaria e Punto Limpo
- **LIMPEZA EDIFICIOS PUBLICOS**
  - Concesión limpeza de colexios de Carballo(Fogar, Bergantiños, Nétoma-Razo, San Luis Romero,Unitarias e Cra, )2013-2019(En prórroga)
  - Limpeza dos Edificios Administrativos e de Formación e Oficinos do Concello de Carballo.
- **CARPINTERIA:** Reparación mobiliario urbano ,palets,...
- **ESCAIOLA:** Molduras, placas,..
- **SOLDADURA PLÁSTICA**
- **MANIPULADOS:** Conservas Calvo, Grupo Voz, Galopín, Saika Pack



Recollida de mascarillas





## EQUIPO HUMANO

O Centro Especial de Empleo está composto por 72 traballadores

### VARIACIÓN DO PERSOAL 2014-2015-2016-2017-2018-2019

	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2019	ANO 2020
Traball.con discapacidade contrato indefinido	24	24	28	31	31	38	37
Traball.con discapacidade contrato temporal	5	9	13	14	16	17	20
Traball.con discapacidade contrato formación	-	-	-	-	-	-	-
Persoal técnico de axuste persoal e social sen discapacidade	2	2	3	3	4	5	7
Persoal en postos de traballo específico sen discapacidade	2	2	4	2	2	2	8
<b>TOTAL</b>	<b>33</b>	<b>37</b>	<b>48</b>	<b>50</b>	<b>53</b>	<b>62</b>	<b>72</b>

O Centro conta cos servizos profesionais que prestan os apoios para a realización do seu traballo.





## CENTRO EDUCATIVO

O CEEPR ASPABER nace no ano 2017. No ano 2020 conta con dúas unidades, titorizadas por dúas mestras, ambas contan cun ATE. O comenzamos o ano con 10 alumnos e rematolo con 14, dos cales 11 están en modalidade completa e 3 en combinada. O alumnado esta agrupado nas dúas aulas na procura dunha atención que garanta o seu desenvolvemento e benestar.

O noso centro chegan alumnos e alumnos con plurideficiencias, que deberán contar co ditame de escolarización emitido polos servizos de orientación, co informe de Inspección educativa e coa manifestación por escrito da vontade de nais, pais e titores legais.

No curso académico 2019/20 disfrutamos das seguintes saídas:

- **CONCIERTO DA SINFÓNICA NA CORUÑA**
- **SAÍDA O MUSEO DA POLICIA NACIONAL DA CORUÑA**
- **SAÍDA ÓS PARQUE DE BÓMBEIROS DA CORUÑA**



Dende o 16 de marzo do 2020 suspendese a actividade lectiva presencial, durante dúas semanas, seguindo as intruccións publicadas pola **Consellería de Educación** a data de 12 de marzo de 2020.

As **medidas** que se adoptan no centro son:

- Traballo para a casa en papel
- Lecturas adaptadas de forma individual (libro por alumno/a)
- Atención telefónica dende o centro ás familias e alumnos/as que o desexen.

O 14 de marzo entramos en estado da alarma, segundo o **Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.**

A partir da primeira semana realizase seguemento vía telefónico ós alumnos/as non só a nivel académico senón tamén de saúde.

Tamén se lle envían actividades novas cando rematan as anteriores. As dúbidas resólvense o alumnado e as familias via telefónica, email ou por videochamada.

Continuamos traballando a materia xa impartida afianzando os mesmos contidos sempre entendendo a difícil situación a vivir polo alumnado nas súas casas, e a falta de recursos e apoios. O final de cursos realizanse visitas os fogares de tódolos alumnos/as respectando todas as medidas preventivas do Protocolo Covid 19 do Programa Aspaber Na Casa.

### Remata o curso sen presenza do alumnado nas aulas.



En Setembro reanudanse as clases presenciais o abeiro do protocolo de adaptación do contexto Covid 19 nos Centro de Ensino Non Universitarios de Galicia.

E seguindo as pautas do **Plan de adaptación á situación covid 19 no curso 2020/21 no Ceepn Aspaber.**

Ademais establececese unha programación acorde cas necesidades e pautas sanitarias dado a pandemia, no que todos e todas o alumnado poidan continuar a súa formación cos mínimos riscos posibles. Así como garantir a igualdade de oportunidades permitindo o acceso a ensinanza en calquer escenario, diminuíndo a fenda dixital e as desigualdades sociais.




### Os recursos tics implementados foron:

- 2 tables
- 1 pizarra dixital

### Recursos materiais:

- Máscaras reutilizables de 25 usos para o alumnado (axuda específica de xunta)
- Material funxible



## FORMACION FP. DUAL

Limpeza de superficies e mobiliario en oficinas e locais

**Nº Alumnos:** 10

**Nº Profesionais formadores:** 2

### OBXECTIVOS:

- ✓ Conseguir unha formación, encamiñada á mellora das competencias persoais, así como unha capacitación orientada ao desenvolvemento profesional, formación permanente e a aprendizaxe para a vida na comunidade.
- ✓ Conseguir unha inserción laboral, en función das posibilidades e características persoais de cada persoa, dende un servizo ocupacional ata a súa inserción laboral nun centro Especial de Emprego, ou empresa ordinaria
- ✓ Formar ao alumnado nas diferentes técnicas de limpeza, así como a planificación dos diferentes procesos, en relación as tarefas laborais, en base aos criterios de responsabilidade e eficacia
- ✓ Desenvolver aquelas destrezas e habilidades, que posibilitan de acceder a un posto de traballo.



### METODOLOXÍA

Todos aqueles contidos teórico-prácticos impartidos durante este FP estarán basados na conversión da información en coñecemento e no desenvolvemento de destrezas máis alá da simple memorización, seguindo sempre a liña dun aprendizaxe significativo, onde os estudantes van a relacionar os conceptos novos con aqueles que xa poseen, ao enlazar ambos coñecementos, o aprendizaxe estará máis afianzado o que facilita a súa permanencia a longo prazo.

Neste caso, as docentes vanse preocupar de adaptar os contidos ás características individuais de cada alumno, procurando sempre que a ensinanza se leve a cabo mediante unha transferencia de contido e non unha imposición, enfocando ao alumno a levar á práctica o aprendido para facilitar a súa asimilación "aprender a facer, facendo".

Levaranse a cabo actividades que desperten o interese e a curiosidade do alumno brindándolle a oportunidade de consultar, opinar e debater sendo guiado durante todo o proceso teórico-práctico.



### SAIDAS:

- Distribuidor de produtos de limpeza PROINDEX, S.L Arteixo.
- Punto Limpo de A Laracha
- Taller de reciclado de plástico, organizado polo Concello de Carballo




## SERVIZOS

### ATENCIÓN PSICOLÓGICA

**Servizo especializado no Benestar Emocional das persoas, tomando como base a súa historia e os seus plans de futuro, e desenrolando as mellores condicións posibles de autonomía e calidade de vida.**

**OBJECTIVOS:**

- ✓ Creación dun equipo de traballo co usuario e o seu entorno para lograr o maior benestar persoal, social e familiar.
- ✓ Redución dos riscos de descompensación derivados dos problemas de saúde mental e alteracións de conduta
- ✓ Apoio e formación ó personal de atención directa
- ✓ Sesións de terapia individual
- ✓ Sesións de intervención coas familias
- ✓ Intervención nas diferentes dificultades que pida ter unha persoa para afrontar o seu día a día de forma adecuada: baixa autoestima, dificultades no control de impulsos, manexo emocional, situacións de estrés, resolución de conflitos, duelo e ansiedade...
- ✓ Abordaxe e intervención en problemas de conduta (Análisis Funcional da conduta, Apoio Conductual Positivo, Plans de Intervención Conductual, Contratos de Conduta, Avaliación multimodal da conduta,..)
- ✓ Dar resposta ós problemas de saúde mental a través de sesións mensuais en coordinación co Servizo de Psiquiatría da USM do PAC de Carballo
- ✓ Elaboración de informes
- ✓ Acompañamentos e contacto con servizos médicos
- ✓ Control, supervisión e xestión da medicación



### ATENCIÓN PSIQUIÁTRICA

A través dun convenio co servizo de Saúde Mental, a asociación dispón dun servizo de psiquiatría unha vez ao mes no cento de Saúde de Carballo(o último venres de cada mes), así como a posibilidade de ser atendidos ante calquera urxencia por teléfono.

O servizo de Psiquiatría traballa dende a prevención para así evitar ingresos en unidades específicas ou visitas repetidas os servizos de urxencias das distintas dependencias dos complexos hospitalarios por non atopar resposta nin medicación apropiada nos médicos de familia.

	Xa	Fe	Ma	Ab	Ma	Xun	Xull	Set	Out	Nov	Dec	Total
CO	7	3	-	-	-	-	-	-	11	6	-	27
CD	3	1	-	-	-	-	-	-	5	3	-	12
TOTAL	10	4	-	-	-	-	-	-	16	9	-	39

**-Durante o período de confinamento, tivemos 10 contactos telefónicos para axustes de medicación.**  
**-A partir de outubro retomáronse as citas psiquiátricas con normalidade a través de consultas telefónicas.**

## TRABALLO SOCIAL

O servizo de traballo social encargase de acoller ás familias que acceden por primeira vez á entidade, proporcionándolles información e orientación sobre diferentes servizos ou realizando a derivación hacia outros recursos específicos. Xa na Asociación vela polo benestar integral da persoa a través de seguimento do seu estado no día a día e o contacto periódico coas familias.

Este departamento tamén presta asesoramento sobre diferentes recursos públicos e tramitación de **prestacións Sociais** (tarxeta discapacidade, respiros..) **económicas** (Pensions non contributiva, por fillo a cargo, orfandade, **sanitarias** (Tarxeta AA, atención odontolóxica..) e **xurídicas** (rendición de contas, contacto co servizo de asesoramento xurídico,...)

### O Servizo de Traballo Social e atención a familias pretende:

- Garantizar unha información actualizada dos recursos e prestacións sociais existentes
- Responder ás expectativas, desexo e intereses das familias, como provedor de apoio
- Permanecer en constante búsqueda, coordinación e mantemento de recursos en relación ao colectivo de persoas con discapacidade
- Traballar en coordinación coas redes sociais formais e informais
- Realizar derivacións profesionais especializadas

Acompañar tanto a usuarios como a familias do Centro con máis necesidades de apoio



Programas	Número
<i>Información, orientación e asesoramento familiar e atención telefónica</i>	<b>1500</b>
<i>Xestión de recursos sociais</i>	<b>45</b>
<b>ACOMPAÑAMENTOS</b> <i>(Inyectables, urxencias, citas médicas, enfermería, analíticas, Odontoloxía, dentista, Inem, Banco, Seguridad Social, Juzgado, Evo, adestramentos Liga Genuine,..)</i>	<b>55</b>
<b>ADULTOS SOS</b>	

Durante a época de pandemia e mentras que o Centro non permaneceu aberto, dende o servizo de Traballo Social contactouse diariamente cos usuarios do programa de Adultos SOS. (4 usuarios)

### Grupo Familias ASPABER

Como parte da vida asociativa tamén se trata de fomentar a cooperación e intercambie experiencias no Grupo de Familias, e organizando diversas convivencias.

Podemos destacar os seguintes eventos: **Sardiñada e Xantar de Nadal**, onde as **nosas familias son as protagonistas e as maiores colaboradoras**.

**Este ano, debido a un fenómeno meteorolóxico tivose que suspender o xantar de nadal habitual en decembro 2019 e posteriormente se celebrou a inicios de xaneiro 2020. Sin embargo non se puido celebrar a habitual convivencia do mes de xullo**

	Nº Familias participantes	Nº Total participantes
SARDIÑADA	-	-
XANTAR NADAL	<b>89</b>	<b>306</b>

## LOGOPEDIA

O servizo de logopedia desenvolve unha actividade dirixida o diagnóstico, prevención, avaliación e rehabilitación dos trastornos da comunicación e as súas funcións asociadas. A principal finalidade é que todas as persoas do Centro poidan comunicarse e poidan recibir a mesma información por igual.

A unidade de logopedia da servizo de forma continuada e directa a un total de **40 usuarios/as** do centro en distintos contextos e a todas aquelas persoas que o precisen en unha determinada situación.

### Este servizo actualmente ten como obxetivos específicos:

- Uso de Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación.
- Previr, rehabilitar e disminuir os riscos en problemas de deglución.
- Diseñar un programa de texturización de alimentos personalizado.
- Mantemento de audífonos e acompañamento as revisións periódicas oportunas.
- Evaluación continúa estandarizada.
- Intervención sobre as cualidades da voz (timbre, tono e volume)
- Previr e rehabilitar os problemas da linguaxe.
- Rehabilitar trastornos fonolóxicos.
- Realizar saídas a entornos naturais coa finalidade de xeneralizar os obxectivos.

### Novidades 2020:

#### MEDIDAS COVID SERVICIO DE LOGOPEDIA

- Quedan suspendidos os grupos de logopedia, na actualidade acuden de maneira individual.
- As personas que acuden a unidade de logopedia son recollidos no seu taller, xa non poden subir de maneira independente como o facían antes.
- Suben a unidade acompañados dun monitor.
- Na entrada da unidade botamos xel desinfectante.
- Compróbase a eficacia da ventilación co aparato de CO2 e mantéñse de forma permanente a ventana abatida.
- Despois do paso de unha persoa pola unidade, pásase a desinfectar a mesa e silla e espazos utilizados (teclado, micrófono...)
- Ábrese a ventana completamente cada hora.



## FISIOTERAPIA

Este servizo ofrece aos usuarios do centro un servizo especializado que aborde de forma individualizada os distintos problemas de saúde dende o punto de vista da rehabilitación física e sempre dende un enfoque biopsicosocial.

O servizo de Fisioterapia acuden un total de **44 usuarios**, dos cales **7** pertencen ó **Centro de Día** e **37** ó **Centro Ocupacional**. Realízase unha abordaxe tanto individual como grupal, dependendo das necesidades de cada usuario.

**Outras actividades que se levan a cabo dende este servizo son:**

- Control de peso mensual en usuarios de fisioterapia grupal
- Seguemento e tratamento de afeccións respiratorias e cardiovasculares
- Seguemento da aparición de úlceras e toma das medidas pertinentes
- Seguemento e tratamento de lesións osteoarticulares e musculares nos que estea indicada a fisioterapia
- Realización de cambios posturais en usuarios con cadeira de rodas
- Asesoramento, seguemento e acompañamento a Oza dos usuarios que precisen servizo médico/ortopédico (usuarios de cadeiras de rodas e calzado ortopédico)
- Acompañamento a Oza dun usuario para controlar a espasticidade mediante a inyección da toxina botulínica
- Apoio a determinados usuarios con limitación na mobilidade articular
- Estimulación do tránsito intestinal a usuarios que teñen problemas de deposición
- Aplicación de vendaxe neuromuscular para relaxar/potenciar o músculo a tratar ou estabilizar a zona a tratar
- Evaluación mediante unha escala estandarizada para previr risco de caídas
- Tratamento de patoloxías de tipo agudo: lumbalxias, cervicalxias, esguinces.



### **Novidades 2020:**

- Adquisición novo material: Bicicleta estática adaptada á mobilidade dos usuarios.
- Dada a situación de pandemia, dende o servizo de fisioterapia propoñense actividades encamiñadas a reducir o sedentarismo en todos os grupos que existen no centro. Sempre repetando distancias de seguridade e seguindo protocolos e medidas de hixiene. Todas as semanas realízanse unha serie de exercicios adaptados a cada grupo para mellorar a mobilidade global e capacidade respiratoria.

Respecto o servizo de ortoprótesis de Oza: mentras dure a situación actual non se realizarán acompañamentos directamente a Oza, pero si se levan a cabo solicitudes de preinscripción tanto de calzado ortopédico como de sillas a través da ortopedia e dos médicos de cabeceira





## COMEDOR

A través do servizo de comedor a entidade facilita un menú sano e equilibrado que garantiza unha boa alimentación dos usuarios do Centro. Dende o servizo de cociña, e baixo a supervisión dunha nutricionista elabóranse os menús que constan dun primer plato, segundo plato e postre.

Tamén se elaboran menús especiais para aqueles usuarios que por prescripción médica necesitan calquer tipo de dieta o réxime alimenticio.

O comedor consta de tres turnos, nos cales os profesionais do centro prestan apoio que permita traballar hábitos e habilidades relacionados coa alimentación dos usuarios



### **Novidades 2020:**

#### **PROCEDIMENTO COMEDOR COVID:**

- Comemos co noso grupo burbulla.
- Cada grupo sube a comer co seu monitor de referencia.
- Hai 10 grupos diferentes:
  - C.D, AXUSTE I, SÓTANO, MANIPULADOS I, MANIPULADOS II, PRS, ESCAIOLA, CARPITENRÍA, AXUSTE II e DUAL.
- Uns grupos suben a comedor a comer e outro comen no seu taller.
- Prepáranse por lotes con todo o que precisan e báixanse o taller.
- PROTOCOLO POR GRUPO: o grupo entra en fila co monitor, séntase nas mesas (as mesas están dilimitadas) e ata que non se lle pon a bandexa diante nos sacamos a mascarilla. Os usuario son servidos, non poden coller os cubertos, pan, bandexa e vaso como facían antes. Cando acabamos de comer recollemos a nosa bandexa un por un (créase un posto máis de recollida no comedor para axilizar os grupos).

O grupo sae do comedor en fila, e cando as mesas quedan libres para unha persoa encargada da desinfección do comedor encargado de desinfectar a mesa e a silla, e subir esta arriba para indicar que a mesa está limpa. Desta maneira, podemos identificar máis rápido as mesas que están desinfectadas.

- No caso dos grupos que comen no comedor habilitado de talleres, o protocolo é similar. Ponse a mesa primeiro e as persoas son servidas por un monitor.
- Aparato medidor de CO2.
- Ventanas abertas de maneira permanente.







## TRANSPORTE

A través do servizo de transporte a entidade atende aos usuarios que proveñen de 14 concellos disitintos,

DISTINTAS LINEAS DE TRANSPORTE	Nº USUARIOS
Liña de Autos Queijeiro Carballo – Tordoia	18
Liña de Autos Queijeiro Ruta Laxe-	29
Liña de Autos Queijeiro Ruta A Laracha	41
Furgonetas	27
Servizo de taxi	3

por este motivo o Centro conta cunha ampla red de transporte, necesitando tanto de medios propios como contratados para levar a cabo os



desprazamentos de ida e volta, dende o domicilio ata o centro dende os puntos de ruta establecidos e tendo en conta a máxima cercanía das vías

## ACTIVIDADES LÚDICO DEPORTIVAS

Este programa está dirixido a todos os usuarios da entidade. O programa ofrece a posibilidade de participar, con apoio dos profesionais e voluntarios formados en actividades dinámicas, adaptadas as súas habilidades motrices e necesidades individuais e con contido lúdico deportivo.

Os obxetivos a conseguir son os seguintes:

- Aumentar a satisfacción das necesidades individuais dos nosos usuarios
- Mellorar a axilidade física (reducir a porcentaxe de grasa corporal, tonificar o corpo, mellorar o equilibrio e postura e aumentar a vitalidade e a enerxía
- Promover a realización das actividades en contornos comunitarios (piscina, pavillón municipal, club de padel,..)
- Favorecer a inclusión na comunidade a través de saídas a entornos naturais e culturais.




DIAS	Actividade	PARTICIPANTES				MONITORES
		2017	2018	2019	2020	
<b>Luns</b>	Piscina	55	43	36	30	5 monitores contratados 4 profesionais
<b>Mércores</b>	Ximnasia mantemento	70	67	24	20	1 monitora
<b>Mércores</b>	Fútbol	-	19	16	15	1 monitor F.C Sofan 1 acompañante
<b>Xoves</b>	Pádel	39	39	26	24	1 monitora 2 acompañantes
<b>Venres</b>	Baloncesto	43	41	39	35	3 monitores Xiria Basket 1 acompañante
<b>Venres</b>	Baile "Ritmos Latinos"	64	67	28	25	1 profesor 1 acompañante
	Hip-Hop	-	-	22	20	

As actividades lúdico-deportivas levaronse a cabo ata a data do estado de alarma(14 de marzo de 2020) e en setembro dende que o Centro volviu a abrir non se poideron retomar polas dificultades de permanecer en grupos burbulla.

**17/02/2020**

Tivemos un invitado de luxo no adestramento do equipo de baloncesto: o xogador do Escola Basket Xiria, Jovan Vukasinovic





## FESTIVIDADES

Ademáis das actividades lúdico-deportivas, en ASPABER celebramos todo tipo de **FESTIVIDADES**:

### -FESTA DE ENTROIDO:

Degustación do menú típico destas datas: Un bo cocido acompañado de filloas e despois baile de disfraces.



**SAN VALENTIN:** Os nosos usuarios namorados participaron na festividade de san Valentín deixando as súas cartas no buzón do amor

**PULPADA-CHURRASCADA:** O grupo de familias de Aspaber celebrou a xa tradicional xornada de convivencia e lecer entre familias da entidade, donde non faltaron os xogos, o baile e por suposto unha boa pulpada churrascada



**-MAGOSTO e HALLOWEEN:** Os usuarios disfrutaron de castañas asadas que eles mesmos recolleron así como un baile de disfraces terrorífico.



**FESTA DE NADAL:** Celebración por todo o alto e gran asistencia de público á Festa de Nadal no Pazo da Cultura. A continuación, celebramos un xantar no restaurante "A Fortaleza" de Santa Comba.



## CLUB DE OCIO E TEMPO LIBRE



O Club de Ocio e Tempo Libre "Manuel Pose Veiga" favorece a participación e a integración das persoas con discapacidade intelectual en actividades culturais e de lecer, normalizados e integrados. O seu obxectivo é proporcionar aos usuarios os recursos necesarios para que poidan exercer o seu dereito a un lecer individual e compartido en igualdade de condicións que o resto da comunidade.

DATA	ACTIVIDAD	Paraticip.	Voluntarios
22/02/2020	Ver un partido de baloncesto Baket Xiria contra o Xixón	20	3
10/02/2020	Trail da Filloa de Zas	5	1

Debido a situación de Pandemia, non se poideron realizar os campamentos de verán.



## VOLUNTARIADO

05/12/2020

O Día Internacional do Voluntariado 2020, e a pesares de que este ano non poidemos realizar tantas actividades como en anos anteriores pola situación actual da pandemia, o que si non vamos de deixar de facer é agradecer a TODOS OS NÓSOS VOLUNTARIOS pola súa gran aportación no benestar dos nosos usuarios.






# MELLORAS E CAMBIOS NAS INSTALACIONES

Durante o ano 2020 procedese a cambiar o vallado do campo deportivo así como dotalo na zona de cierre de finca.



## EQUIPAMENTOS COVID

ALFOMBRAS, PAPELERAS, GELES, MASCARILLAS, TERMOMETROS, TELEVISORES...





## ACCIONES FORMATIVAS

### FORMACION DE PERSOAL

A aposta da formación continua nos nosos profesionais é un valor en alza. Este ano realizáronse as seguintes accións formativas.

ACCIONES FORMATIVAS		
Data	DENOMINACION DO CURSO	Nº ASISTENTES
23 e 24 Xan 20 febreiro	Curso de microcemento aplicado á escaiola	1
	Xornadas formativas xestionadas polo SEPE e Seguridade Social	1
17 abril	Aspectos generales do SARS-COVID-19	Toda a plantilla
	Seminario de alimentación e deglución	Toda a plantilla
18,19,20 xuño	Protocolos Covid-19 en centros de discapacidade	6
12 nov	XIV Seminario Online sobre Discapacidade Intelectual e Saúde Mental	2
O longo do ano	Grupo de Traballo saúde Mental e alteración de conducta en PCDI (Reunións online)	1



Profesionais de Aspaber asistiron na tarde do xoves o 14 Seminario online sobre discapacidade intelectual e saúde mental, organizado por Fademga Plena inclusión Galicia



23/11/2020



Aspaber participa no segundo diálogo de Innovación Social " Innovar para el bien común: Historias de lo que funciona ", organizado pola UIB, Obra Social "la Caixa" e Esment

## MEDIOS DE COMUNICACION

### PRESENCIA EN PRENSA

Os contactos cos medios de comunicación foron por diferentes motivos e en distintos medios.

#### En prensa escrita e dixital:

- Publicacións na Voz de Galicia: **14**
- Publicación no Diario de Bergantiños: **3**

#### Noé, o usuario de Aspaber que aprobou a oposición de celador do Sergas.

*Nova publicada por La Voz de Galicia – CARBALLO - 23/09/2020*



Vive en Culleredo e esta semana comezou a traballar no Chuac. Noé Vila Fernández, de 24 anos, empezou o luns a traballar como celador no Chuac de A Coruña. Fíxoo tras superar unha oposición do Sergas con moito éxito. Non é a primeira vez que aproba unha oposición (leva tres máis, quizais catro polos resultados pendentes doutra, entre Xunta, Facenda ou Estado), pero nas anteriores non lograba praza porque non tiña puntos de traballo ou cursos, ó contrario que outros aspirantes. Esta vez, sí, e xa ocupa a súa praza, moi satisfeito.

Noé é (era) usuario de Aspaber. E foi esta entidade a que mostrou o seu orgullo públicamente polo logro: «Levamos moito tempo apostando pola inserción sociolaboral das persoas, dedicando moito tempo á formación dos nosos usuarios en competencias, preparación para presentarse a oposicións de prazas reservadas de emprego público...». E froito deste traballo, o resultado da praza de Noé, nunha

praza que «estivo preparando durante dous anos con moito esforzo, tempo e dedicación», sinalan. Por eso felicítano e engaden o «orgullo» deste logro, todo un cambio na súa vida.

Tamén se mostra moi contenta Mercedes, a nai. Viven en Culleredo, pero aínda así optaron por Carballo para a formación do seu fillo. Non é o único caso de usuarios alleos á zona, pero non é o habitual. Para evitar tantos desprazamentos, estaba interno na residencia varios días á semana. Noé é un exemplo de esforzo e perseverancia: tamén foi alumno do instituto Monte Neme, ten a ESO e o Celga 3.






## PAXINA WEB E REDE SOCIAL

### ESTADÍSTICAS DA PÁXINA WEB


#### Tráfico á web Visitas – Global

No gráfico que vemos a continuación móstrase a evolución do tráfico de visitas na web de Aspaber dende xaneiro de 2020 a decembro de 2020. Os mellores resultados tiveron lugar durante o mes de setembro de 2020 (312 usuarios). É normal que durante os meses de xullo e agosto a cifra de visitas se vexa reducida, xa que no verán os niveis de tráfico son moito menores. Sen embargo podemos apreciar cómo a partir de setembro/outubro o número de visitas volveu a crecer.



Evolución 2020 tráfico visitas global en www.aspaber.com

#### Tráfico á web Visitas - Redes Sociais



moi similar, aínda que neste caso o pico máis alto rexistrouse durante o mes de maio 2020 (82 sesións).

Nesta diapositiva móstranse só as visitas á web de Aspaber dende redes sociais (concretamente dende Facebook). Se a comparamos coa gráfica do tráfico global vemos que a tendencia do número de visitas é

Evolución 2020 tráfico visitas dende Facebook a www.aspaber.com

### ESTADÍSTICAS DA REDE SOCIAL FACEBOOK

#### Xestión de Facebook Seguidores

Nas seguintes gráficas podemos apreciar a evolución da comunidade de seguidores de Aspaber. Tal e como se ve, o número de “followers” creceu considerablemente ao longo do ano, pasando de ter 2755 seguidores o 1 de xaneiro de 2020 a 2985 a final de decembro de 2020, o que supón un aumento de máis de 200 usuarios.



#### Xestión de Facebook



#### Me gusta

O mesmo ocorre co número total de ‘Me gusta’ da páxina, que rexistrou un aumento de 200. Concretamente pasouse de 2762 a 1 de xaneiro de 2020 a 2962 a finais de decembro de 2020.



Crecedo de 'Me gusta' xaneiro-decembro 2020

## Top Publicacións Xaneiro-Decembero 2020

Abaixo podemos ver a publicación con mellor rendemento do ano (26 Nov. 2020) cuxo contido é un vídeo contra a violencia de xénero. Sen haber feito ningún tipo de promoción, esta publicación tivo un alcance de case 11.000 persoas, unha cifra moi superior á media habitual.

Entendemos que o tema da publicación e a calidade do vídeo poden estar detrás do seu éxito.

Os resultados de interacción tamén foron moi positivos, cun total de 468 interaccións (71 veces compartido, 44 comentarios e 353 reaccións). O número de veces que se compartiu é elevado, o que pode estar detrás do éxito desta publicación.

A tasa de engagement (proporción entre persoas alcanzadas e interaccións) foi de 4.5%, unha cifra moi alta en redes sociais e evidencia que temos unha comunidade de seguidores fiel e interesada no que publicamos.



## ACTIVIDADES RESEÑADAS 2020

### NOVIDADES-PROXECTOS

**30/09/2020**

**O proxecto ERASMUS+ ACADAS presenta a súa páxina web.**



Este proxecto europeo, coordinado pola Asociación Aspaber xunto cos países socios: Italia, Irlanda, Croacia, Turquía e Grecia, presentou recentemente a súa nova páxina web.

PÁXINA WEB ACADAS: <https://acadas.blog/>

Esta iniciativa, que pretende o logro dunhas boas prácticas ante o abandono escolar temperá en persoas con discapacidade intelectual, atópase actualmente na súa terceira fase, na que se analizan os diferentes sistemas educativos de tódolos países participantes.

Asemede, compartimos a publicación da revista 1, onde se recolle a primeira xuntanza dos socios colaboradores deste proxecto, presentado fai uns meses no Concello de Carballo.

REVISTA 1 ACADAS: ACADAS Newsletter\_ES

FACEBOOK ACADAS: <https://www.facebook.com/acadasproject/>

INSTAGRAM ACADAS: [https://www.instagram.com/acadas\\_project/](https://www.instagram.com/acadas_project/)

LINKEDIN ACADAS: <https://www.linkedin.com/company/acadas>

**04/12/2020**

**Nace “IN-RED”, a primeira patronal galega da discapacidade intelectual.**



A nova entidade está promovida por varias asociacións e centros especiais de emprego e aspira a representar cunha mirada nova aos intereses do sector en Galicia.

Constituíuse formalmente “IN-RED: Asociación Profesional e Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego e Entidades do Ámbito da Discapacidade Intelectual e afíns”. Trátase da primeira patronal do sector da discapacidade intelectual e ámbitos afíns en Galicia.

Os promotores da nova entidade son centros especiais de emprego e asociacións que prestan servizos educativos, asistenciais e ocupacionais para persoas con discapacidade intelectual. A Xunta Directiva está composta polos representantes de ASPABER (<https://www.aspaber.com/>) de Carballo (A Coruña), EVD Galicia (<https://www.evdgalicia.com/>) de Mos e Crecente (Pontevedra), ACEESCA (<https://aceesca.com/>) de Porriño (Pontevedra), CENTRO JUAN MARÍA (<http://www.centrojuanmaria.org/>) de Nigrán (Pontevedra) e SAN

XEROME EMILIANI (<https://sanxerome.com/>) de A Guarda (Pontevedra). Lola Fernández García, representante de ASPABER, é a presidenta electa da nova entidade.

IN-RED propónse dar voz aos intereses económicos e socio-laborais comúns das entidades que prestan servizos a persoas con discapacidade intelectual e afíns. Co crecemento nos últimos anos, a xestión destas entidades volveuse cada vez máis complexa. Por iso, aínda que teñan un carácter non lucrativo, é indispensable dar una resposta ás súas novas necesidades dende a perspectiva da xestión empresarial e da profesionalización. IN-RED ten a ambición de facelo cunha mirada nova, en liña co seu lema “mirar onde os outros non miran, para encontrar o que os outros non encontran”.

A asociación avoga pola busca de solucións concretas e áxiles, polo aprendizaxe mutuo e a cooperación continua entre os seus membros. Consciente de que a mellor solución pode atoparse só axuntando esforzos.

Na axenda de IN-RED están temáticas como a negociación do Convenio colectivo do sector; o impulso aos Programas de Formación Dual como instrumento para mellorar a inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual; a futura evolución dos centros especiais de emprego. A entidade prestará tamén servizos de apoio para promover a profesionalización dos xestores das entidades socias.

Con este obxectivo, a Xunta Directiva xa mantivo reunións coa Consellería de Emprego e a de Política Social da Xunta de Galicia. E estableceu contactos con outras entidades da economía social, como FOROESGAL – Foro Pola Economía Social Galega.

## SAIDAS E PRESENCIA NA COMUNIDADE

**Durante o ano 2020 os usuarios dos distintos Centros asistiron a varias saídas, que quedan reflexadas a continuación:**

**11/02/2020**

Estivemos na localidade de Cee, onde os usuarios de Aspaber recibiron unha formación sobre o proceso de montaxe de murais impartida por Suministros Lar, que posteriormente poñerán en práctica, para participar na próxima edición do Concurso de Murais de azulexos, que organiza este centro de bricolaxe da Costa da Morte.



**18/02/2020**




Un ano máis participamos no 7º FestivalDeVarietés, organizado pola Asociación de Irmanamento con Jumelage entre Carballo et L'Isle-Jourdain no Pazo da Cultura de Carballo, onde os nosos usuarios se atreveron coas súas primeiras palabras en francés e deron paso a un video promocional da entidade.



Visitamos a **escultura da pillara das dunas**, unha das especies de aves máis representativas que habita no complexo dunar de Razo-Baldaio, que se instalou na praia de Razo para unha mellor concienciación medioambiental sobre a importancia da recollida do lixo.

## 10/03/2020

Estivemos de visita en **RNE - RADIO NACIONAL de ESPAÑA** a Coruña, onde fixemos un percorrido pola historia da radio, poidemos observar como se realiza un programa en directo e ata experimentamos facendo as nosas propias cuñas publicitarias



## 12/03/2020

Organizamos unha **saída o Centro Comercial Marineda City** co fin de comprar xogos de mesa.



## 10/10/2020 Carreira de obstáculos pola inclusión “Enki”

Participamos na carreira de obstáculos pola inclusión #ENKI2020, organizada pola #asociacionabrente, dun xeito diferente pero non menos divertido realizando o percorrido polos exteriores do noso centro e deste xeito manter todas as medidas hixienico-sanitarias



## 25/11/2020



25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra Muller, #VoyTapadaNoCallada



04/12/2019 En conmemoración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, asistimos na Coruña ao acto #BaixoOMesmoParaugas xunto a outras 27 entidades sociais da provincia de A Coruña, nunha xornada na que se procedeu á lectura dos lemas de cada asociación e do manifesto reivindicativo do colectivo. Album de fotos do Día Internacional das Persoas con Discapacidade 2019.





## PREMIOS

Asistimos no estadio Abanca-Riazor á entrega de premios do concurso "Os Nossos Valores-Escolas Branquiazuis", organizado por La Opinión A Coruña e a Fundación do Real Club Deportivo en colaboración con Vegalsa-Eroski, onde a nosa alumna do Centro Educativo Cristina recolleu o premio á mellor redacción na categoría Genuine.

